

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE PORQUEIRA PARA A CREACIÓN DUNHA ZONA DE ESCALADA NA FORXA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Porqueira o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que esta addenda ten por obxecto modificar a cláusula oitava do convenio.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O 2 de xullo de 2025 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Porqueira para a creación dunha zona de escalada na Forxa.

Segundo.- Na cláusula terceira dispónse que se considerarán subvencionables os gastos que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2025.

Así mesmo, na cláusula oitava establécese que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Concello remata o 1 de decembro de 2025.

Terceiro.- O 20 de novembro de 2025 o Concello de Porqueira solicita unha ampliación do prazo de xustificación establecido no convenio debido "ao mal tempo que tivemos en toda a semana pasada, feito que imposibilitou avanzar nos traballos, sufrindo o proxecto un importante retraso". De acordo co anterior, a nova redacción da cláusula oitava establece que o prazo para presentar a documentación xustificativa do convenio remata o 15 de decembro de 2025.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos



contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

